

JOSE CARDOSO PIRES, CRONISTA DO SILENCIO

Nun recente número deste *Correo Cultural*, o profesor Sánchez Reboledo faciase eco da panorámica da actual narrativa portuguesa e o seu coñecemento en España a través das traducións. E sinalaba a J. Cardoso (ademais de A. Bessa Luis ou Fernando Namora) como un dos máis traducidos ó castelán, dándose con él unha rapidez inusual na versión, a

cargo de Basilio Losada, da súa última novela: *Balada da praia dos caes*.

Presentar a un escritor portugués contemporáneo desde o noso panorama cultural, recorrendo a algo máis que á nota de solapa dalgunha obra, resulta un auténtico calvario. Unha vergonza, tamén, e unha proba do desprecio (é da ignoran-

cia) cara a unha literatura que, como a portuguesa, non dubidamos en calificar como unha das máis relevantes no contexto europeo. Numerosos estudos sobre narrativa europea contemporánea silenciana, non se sabe debido a qué motivos, a novelística portuguesa. Sería moi útil e urxente que se ocupase alguén de correxir tan lamentable ausencia.

JOSE Cardoso Pires é unha das figuras de máis alto relevo das letras portuguesas deste tempo. Fundador da revista *Almanaque*: director do *Diário de Lisboa*, e colaborador en importantes revistas literarias europeas, é profesor de Literatura Portuguesa en Londres, Universidade á que pertence hoxe en calidade de escritor residente. Como creador, cultiva Cardoso o relato curto e a novela. Citemos, na primeira das modalidades, *Os caminheiros e outros contos* e *Historias de Amar*; destacan na segunda, tras un brillante inicio con *O Anjo Acorado*, tres importantes novelas que xa contan con versión castelá: *O hóspede de Job*, premio Castelo Branco en 1963; *O delfín*, 1968, e a recente *Balada* que da pe ó presente comentario.

Portugal, 1960. No areal dunha praia, uns cans vagabundos desenterran o cadáver dun home. A prensa da conta da noticia e coménczase a inves-

tigación. Resulta ser o morto un capitán, Luís Dantas Castro, do Exército portugués. Previamente evadírase, cun cabo e un alférez, da prisión militar de Elvas. Unha muller —cómplice e amante do militar— facilitou a fuga e está detida. A Policía Xudicial, a través do seus testemuño, vai desenguedellar a novela do crime, producido tras unha larga estada dos fugados na Casa da Vereda.

Estamos, así, perante uns sucesos que poderían dar lugar a un relato de misterio ou ben seren obxecto dunha crónica negra para revistas sensacionalistas. E con todo, o labor e a vontade do escritor converte o desenrolo deste caso nun testemuño de primeira man da situación político-social do Portugal pre-revolucionario.

CON exacta maestría técnica, con frialdade distanciadora por momentos, vai tecendo Cardoso esta "disertación" verbo dun crime. E a tal fin coadxuvan a narración retrospectiva, a reportaxe periodística e o frío informe de investigación policial. Nada de intriga ou de misterio; trátase dunha reconstrución minuciosa, moi precisa, na que as pezas teñen que ir encaixando matematicamente ata lograren o cadro total do acontecido. Os cambios no punto de vista, as rupturas da temporalidade do relato, a diversidade de rexistros de estilo non estorban ó lector; antes serven de materia de investigación crítica sobre a maestría narrativa de Cardoso Pires.

Rematada a historia, dá a

sensación de que o brillante exercicio de reconstrución dun crime só resulta brillante en superficie. Máis se temos en conta que os sucesos se deron na realidade concreta, moito é o que permanece en semisombra, e coleximos —sen que falten referencias espalladas no relato— que o novelista pretende testemuñar unha situación de malestar profundo entre o poder político e o Exército. Un poder político encarnado na propia PIDE, a Policía tristemente célebre, de omnímodos poderes, que converte ós xudicias nunha pura comparsa. O xefe Elías, que investiga o caso, xa sabe de antemán que non poderá dar a "versión última" dos feitos. Para lograla, aliáanse o poder e o terror. Del será vítima a xoven Mena, amante de Dantas, tal vez símbolo dun Portugal revolucionario a prol da posesión da súa liberdade, máis de momento vítima.

HAI moita historia portuguesa recente na *Balada*, e tamén do pasado. Normes, acontecementos, manobras políticas, trasfondo histórico, levemente velados na ficción narrativa. Pero é esta, a través dos distintos persoaxes, a que nos desvela un pulso inqueda, anguriado e subterráneo na vida portuguesa. A habilidade de Cardoso Pires logra unha obra de perfección técnica, complexa e singular valor de documento. Unha vez máis, a literatura potencia —reconstrúe— a realidade histórica.

Luis Alonso Girgado
Xesús Rábade Paredes

José Cardoso Pires

Balada de la playa de los perros

